



Confederación Intersindical Galega

**C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA****Mesa de Seguimento de Carreira Administrativa:  
fomento da promoción interna**

No día de onte asistimos á xuntanza da Mesa de Carreira Administrativa, para tratar, entre outros aspectos os permisos de promoción interna.

Como xa sabedes, ata agora só tiñamos regulado o permiso retribuído dun mes de duración para preparar o segundo exame ao CTH. Neste ano, cando xa se comezou a falar de que o resto dos corpos tiñan que ter dereito tamén a algún permiso para estudar foi cando se concederon dous días para preparar Axentes e 14 días para o acceso ao Corpo Executivo do SVA, medidas transitorias que se melloran neste acordo.

A partir de agora contaremos cos seguintes permisos:

- Corpo Técnico de Facenda, mantense o permiso dun mes, aínda que se valorará a posibilidade de collelo fraccionado (para poder gastar, por exemplo uns días para estudar o segundo e outros para o terceiro exame)
- Corpo Executivo de Vixilancia Aduaneira, equipárase ao CTH como non podía ser doutro xeito e se concederá tamén o permiso dun mes anterior á data do segundo exame.
- Axentes de Facenda Pública e de Vixilancia Aduaneira: o permiso será de dez días naturais a disfrutar dentro do mes anterior ao segundo exame.

Por outro lado, entre outras cuestións, a AEAT informounos tamén do seguinte:

- A partir de setembro facilitaranse temarios para **Axentes de Facenda Pública** elaborados pola propia AEAT. Tamén, debido ás queixas que recibiron polo adianto nas datas dos exames posiblemente estes poidan retrasarse, haberá que estar atentos ás decisións que adopte ao respecto o Tribunal.



Confederación Intersindical Galega

- Respecto a **Axentes de Vixilancia Aduaneira** a AEAT comentou tamén que as probas físicas non se van descentralizar, como ata agora, senón que se farán todas nunha mesma sede para que todos os opositores as fagan nas mesmas condicións: mesmas instalacións, igualdade de clima así como número de intentos, etc. Mantense a descentralización para o resto dos exames.
- En canto ao **Corpo Executivo de Vixilancia Aduaneira** comentáronnos que se modifica levemente o segundo exercicio, que pasa a ser o terceiro, aínda non son cambios oficiais xa que de momento non se notificaron a Función Pública.
- No **Corpo Superior de Vixilancia Aduaneira** están a estudar distintas exencións, tanto para o primeiro coma para o segundo exercicio exceptuando o idioma.

Respecto ás **datas das convocatorias das oposicións**, aínda que non están pechadas de todo, a AEAT facilitounos a seguinte información:

- o Axentes de Vixilancia Aduaneira e Corpo Executivo do SVA, a convocatoria sairá a finais de outubro/ principios de novembro.
- o Corpo Superior de Inspectores, convocatoria no mes de outubro
- o Corpo Superior de Vixilancia Aduaneira, será no mes de decembro
- o De xeito transitorio aprobouse tamén un permiso retribuído de mes e medio para a preparación ao Corpo Superior de V.A. En acta deixouse constancia de que se analizaría mais adiante e de modo máis profundo o acceso ao A1.

**CIG-AEAT:**

**DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA**

**TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22**